

| 1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA | |
|--|---|
| CÓDIGO | |
| MATERIA | Movemento |
| DISCIPLINA | Danza I |
| TITULACIÓN | Titulación Superior en Arte Dramática. |
| ESPECIALIDADE | Interpretación |
| ITINERARIO | |
| CURSO | 1º |
| CRÉDITOS ECTS | 3 |
| CARÁCTER | Obrigatoria |
| DEPARTAMENTO | Interpretación |
| CENTRO | Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. |
| COORDINADOR/A | Ángeles Gayoso Diz |
| DOCENTES | Nome e apelidos: Ángeles Gayoso Diz Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/ Despacho: Contacto: angeles.gayoso.diz@edu.xunta.es |
| DESCRICIÓN | Coñecemento e estudo do valor expresivo e creativo dos elementos e das calidades do movemento. Estudo práctico das técnicas da expresión danzada e das diferentes escolas. Estudo práctico da composición coreográfica a través do coñecemento das técnicas propias da arte da danza. |
| COÑECEMENTOS PREVIOS | |
| LINGUA EN QUE SE IMPARTE | Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> |

| 2. COMPETENCIAS | |
|--|--|
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE LA TITULACIÓN | |
| T1 | Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora. |
| T3 | Solucionar problemas y tomar decisiones que respondan a los objetivos del trabajo que se realiza. |
| T13 | Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional. |
| T15 | Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional. |
| COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN | |
| X1 | Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos. |
| X2 | Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose aos demais e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo. |
| X3 | Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos |

| | |
|-----------|---|
| | demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue. |
| X5 | Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social. |

| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE | |
|--|--|
| EI1 | Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual. |
| EI2 | Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas. |
| EI3 | Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual. |
| EI5 | Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética. |

| 3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA | COMPETENCIAS VINCULADAS |
|--|--|
| 1. Tomar conciencia dos diversos elementos que comprenden os aspectos básicos e comúns ás diferentes técnicas de danza. | T15, X5, EI1, EI2 |
| 2. Recoñecer os elementos específicos que conforman as distintas técnicas de danza e saber executalos. | T15, X5, EI1, EI2, |
| 3. Coñecer e empregar correctamente a terminoloxía propia da danza. | T15, EI1, EI3 |
| 4. Ser consciente do traballo do corpo a partir do movemento en danza en relación ó espazo e, en consecuencia, desenvolver a capacidade de evolucionar no mesmo. | T15, EI2, EI3 |
| 5. Encontrar na improvisación un punto de partida para a busca do movemento. | X1, X5, EI1, EI2, EI3, EI5 |
| 6. Recoñecer e empregar a improvisación como recurso para a creación. | X1, X5, EI1, EI2, EI3, EI5 |
| 7. Ser capaz de aplicar os recursos e ferramentas propias da linguaxe da danza nas distintas técnicas interpretativas. | T1, T15, X1, X5, EI1, EI2, EI3, EI5 |
| 8. Tomar conciencia das posibilidades expresivas corporais a través da danza. | T15, X1, X3, X5, EI1, EI2, EI3, EI5 |
| 9. Ser capaz de obter e integrar recursos persoais en danza. | T3, T13, T15, X1, X2, X3, X5, EI1, EI2, EI3, EI5 |

| 4. CONTIDOS | | |
|------------------------|--|----------------|
| TEMAS | SUBTEMAS | SESIÓNS |
| 1. Conciencia corporal | 1.1 Esquema corporal 1.2 Respiración 1.3 Colocación do corpo 1.4 Exe corporal 1.5 Equilibrio 1.6 Peso 1.7 Contracción-relaxación | 9 |
| 2. Técnica base I | 2.1 Terminoloxía I 2.2 Iniciación ó estudo da técnica base I 2.3 Exercicios técnicos de barra, centro e chan 2.4 Equilibrio | 14 |

| | | |
|----------------------------|---|-----------|
| | 2.5 Xiro 2.6 Salto. | |
| 3. Técnica contemporánea I | 3.1 Iniciación ó estudo das diferentes técnicas de danza contemporánea I 3.2 Terminoloxía I 3.3 Exercicios técnicos de centro e chan I que permitan tomar conciencia de: 3.3.1 equilibrio 3.3.2 amplitude 3.3.3 enerxía 3.3.4 coordinación 3.3.5 mobilidade do torso 3.4 O peso do corpo e o seu contacto co chan | 14 |
| 4. O corpo no espazo | 4.1 Espazo interno 4.2 Espazo externo 4.3 Evolución no espazo 4.3.1 Dirección 4.3.2 Dimensión 4.3.3 Traxectoria 4.3.4 Orientación 4.3.5 Desprazamentos: - Liñas - Niveis 4.4 Foco | 14 |
| 5. Improvisación | 5.1 Iniciación á improvisación 5.2 Bases 5.2.1 Espazo 5.2.2 Enerxía 5.2.3 Esforzo 5.2.4 Ritmo 5.3 Técnicas | 9 |
| TOTAL SESIÓNS | | 60 |

| 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE | | | |
|--|---------------------------|-------------------------------|--------------|
| Actividade / Número de horas | Presencial (horas) | Non presencial (horas) | Total |
| Actividades introdutorias | 1 | | 1 |
| Exposición teórico-práctica | 11 | | 11 |
| Práctica individual | | 15 | 15 |
| Práctica colectiva | 35 | 15 | 50 |
| Actividades Complementarias: traballos de aula | | | |
| Titorías individuais | 5 | | 5 |

| | | | |
|--|-----|-----|------|
| Titorías grupais | 2 | | 2 |
| Actividades de avaliación. Probas | 3 | | 3 |
| Actividades de avaliación. Presentacións / mostras | 3 | | 3 |
| Actividades de avaliación. Revisión | | | |
| TOTAL | 60 | 30 | 90 |
| PORCENTAXE | 67% | 33% | 100% |

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

| Actividades | Descrición |
|-----------------------------|--|
| Actividades introdutorias | Actividade encamiñada a tomar contacto co alumnado, así como a presentar a materia. |
| Exposición teórico-práctico | Exposición por parte do docente do contido da materia que posteriormente o alumno vai desenvolver baixo as directrices e supervisión do mesmo. |
| Práctica individual | O alumnado executa de xeito individual os exercicios propostos polo docente. |
| Práctica colectiva | O alumnado executa en grupo os exercicios propostos polo docente en aula. |
| Titorías individuais | Entrevistas que o alumnado, con carácter individual, mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. |
| Titorías de grupo | Entrevistas que o alumnado, con carácter grupal, mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. |

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

| | |
|-------------|---|
| Seguimento | Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial</i> : O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo. |
| Orientación | Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica</i> : O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico. |

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|--|--|-------------|
| Presentación dun quecemento físico (individual) que incluíra todos os exercicios técnicos de técnica base I e técnica contemporánea I expostos ó longo do cuadrimestre. | EI1, EI2, EI3, EI5 | 40% |
| Presentación dun traballo de creación individual, onde inclúan a execución das técnicas estudadas e no cal o alumno/a creará a súa propia peza e amosará, así, a asimilación da materia. | T1, T3, T13, T15, X1, X2, X5, EI1, EI2, EI3, EI5 | 30% |

| | | |
|--|-------------|-----|
| Proba teórica da terminoloxía de danza (constará de 20 preguntas a realizar nun tempo máximo de hora e media). | E11 | 20% |
| Presentación de memoria onde se reflexe o proceso do traballo realizado no cadrimestre. | T1, T15, X3 | 10% |

8.2. Avaliación extraordinaria

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|--|--|-------------|
| Presentación dun queceamento físico (individual) que incluíra todos os exercicios técnicos de técnica base I e técnica contemporánea I plantexados ó longo do cadrimestre. | E11, E12, E13, E15 | 40% |
| Presentación dun traballo de creación individual, onde inclúan a execución das técnicas estudadas e no cal o alumno/a creará a súa propia peza e amosará, así, a asimilación da materia. | T1, T3, T13, T15, X1, X2, X5, E11, E12, E13, E15 | 30% |
| Proba teórica da terminoloxía de danza (constará de 20 preguntas a realizar nun tempo máximo de hora e media). | E11 | 20% |
| Presentación de memoria onde se reflexe o proceso do traballo realizado no cadrimestre. | T1, T15, X3 | 10% |

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

| Ferramenta / actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|--|--|-------------|
| Presentación dun queceamento físico (individual) que incluíra todos os exercicios técnicos de técnica base I e técnica contemporánea I plantexados ó longo do cadrimestre. | E11, E12, E13, E15 | 40% |
| Presentación dun traballo de creación individual, onde inclúan a execución das técnicas estudadas e no cal o alumno/a creará a súa propia peza e amosará, así, a asimilación da materia. | T1, T3, T13, T15, X1, X2, X5, E11, E12, E13, E15 | 30% |
| Proba teórica da terminoloxía de danza (constará de 20 preguntas a realizar nun tempo máximo de hora e media). | E11 | 20% |
| Presentación de memoria onde se reflexe o proceso do traballo realizado no cadrimestre. | T1, T15, X3 | 10% |

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- Abad Carlés, Ana (2004): *Historia del ballet y de la danza moderna*. Madrid: Alianza Editorial.
- Blandine, Calais Germain (2004): *Anatomía para el movimiento*. Barcelona: Los libros de la liebre de marzo.
- Bosco Calvo, Juan (2000), *Apuntes para una anatomía aplicada a la danza*. Madrid: Drac Producciones.
- Castañer Balcells, Marta (2004): *Expresión corporal y danza*. Barcelona: Inde publicaciones.
- Franklin, Eric: *Danza : Acondicionamiento físico*. Barcelona: Paidotribo.
- Gómez Lozano, Sebastián & Vargas Macías, Alfonso (2012): *De la danza académica a la expresión corporal*. Murcia: DM Diego Marín Librero-Editor.
- Justin Reeve (2011): *Dance Improvisations*. Champaign (EEUU): Human Kinetics.
- Lea Bartal & Nira Ne'eman (2012): *Conciencia del movimiento y creatividad*. Madrid: Editorial Dilema.
- Massó Ortigosa, Nuria (2012): *El cuerpo en la danza*. Badalona: Editorial Paidotribo.
- Murias Vilas, Carlos - Mary Wigman (2002): *El lenguaje de la danza*. Barcelona: Ediciones del Aguazul.
- Ridocci, Mercedes (2009) : *Expresión corporal. Arte del movimiento*. Madrid: Editorial Biblioteca Nueva, S.L..
- Sol Garre e Itziar Pascual (2009): *Cuerpos en escena*, Editorial fundamentos.

10. OBSERVACIÓNS

- Os traballos por escrito deberán presentarse segundo os criterios establecidos polo centro en relación ao modelo, desenvolvemento e adecuación estilística e ortográfica (IP701.16 no apartado 7 do Manual de Calidade). Os traballos que non reúnan tales requisitos serán devoltos para revisión.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de

articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1: Traballo teórico: estrutura dun quecemento físico (individual) a partir da técnica estudada.

Competencias: EI1, EI2, EI3, EI5

Ponderación: 45%

ACTIVIDADE 2: Presentación teórico-práctica dun traballo de creación individual. Realizarase un seguimento personalizado e titorizado pola docente para a realización do mesmo a través da plataforma que habilite a Consellería de Educación.

Competencias: T1, T3, T13, T15, X1, X2, X5, EI1, EI2, EI3, EI5

Ponderación: 35%

ACTIVIDADE 3: Proba teórica da terminoloxía de danza que constará de 20 preguntas a realizar en tempo máximo dunha hora. A proba se realizará a través da plataforma habilitada pola Consellería de Educación.

Competencias: EI1

Ponderación: 20%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).